

MEDIDAS PARA O CAMBIO REAL EN GALICIA



**DESTA
VAI!**

BESTEIRO
PSG/
PSOE

Un novo modelo económico ao servizo dos galegos e galegas. Transición enerxética xusta, reindustrialización, aposta polo talento, a ciencia e a innovación.

1. As políticas de emprego constitúen unha prioridade na actuación política dos socialistas galegos, e por iso asumimos o compromiso de impulsar reformas progresistas que permitan acadar máis postos de traballo e, sobre todo, de maior calidade. Aprobaremos nos primeiros seis meses de goberno un Programa Plurianual de Fomento do Emprego. O obxectivo do programa é promover 20.000 empregos que axuden a fixar poboación e tamén reter o talento de moitos homes e mulleres que deben ter alternativas para quedar en Galicia. A Xunta baixo un goberno socialista apoiará economicamente a contratación laboral dentro deste programa durante os dous primeiros anos de contrato. En paralelo, habilitarase unha liña intensiva de apoio ao emprendemento e á creación de coworkingstemáticos.
2. Reformaremos o Servizo Público de Emprego e crearemos a Axencia Galega de Emprego para que se converta no instrumento de intermediación que precisan tanto as empresas como as persoas paradas de Galicia. O acompañamento personalizado do Servizo de Emprego suporá obrigatoriamente guiar aos desempregados e desempregadas nun itinerario de emprego, comezando de forma prioritaria polos parados/as de longa duración ou os desempregados/as durante as transicións laborais.
3. Aumentaremos o número de técnicos e técnicas de emprego. Actualmente hai na rede de oficinas 1.400 persoas demandantes de emprego por cada técnico de emprego. Esta ratio fai imposible a xestión da súa colocación. É preciso aumentar o número de técnicos e técnicas para poder personalizar a atención. Cada técnico e técnica de emprego estará vinculado a un territorio, un pacto territorial, e a unha familia ou subfamilia profesional. Na incorporación dos novos técnicos teranse en conta perfís profesionais concretos e complementarios aos existentes en función da especialización produtiva.
4. Recuperación do diálogo social como ferramenta de construción dun país que prima a cohesión social e a redución de desigualdades. O diálogo social será unha prioridade na negociación laboral e como ferramenta de traballo cos colectivos. Esta medida permitiranos recuperar a posición de liderado público no apoio á concertación social.
5. Fortaleceremos a negociación colectiva, promovendo un novo marco de relacións laborais que dote de eficacia á acción sindical e que potencie as medidas de conciliación laboral e persoal, que garanta os dereitos das persoas acollidas ao teletraballo e recoñeza o seu dereito á desconexión, que ataque a fenda de xénero tanto en termos de emprego como de salario.
6. Colaborar co Concello Galego de Relacións Laborais para a posta en marcha dun Rexistro de Responsabilidade Social Empresarial, no que se terán en conta os aspectos relativos tanto á estrutura de idade e sexo na empresa, como da súa evolución. Valorarase a taxa de precariedade en relación coa do seu sector, a súa sinistralidade, o plan de igualdade e o seu cumprimento, a integración de persoas con discapacidade ou en risco de exclusión e a forma de retribución aos seus traballadores, entre outros aspectos da súa relación co seu medio.
7. Estableceremos novas medidas de prevención de riscos laborais coordinadamente cos axentes sociais, impulsando a implantación de medidas e sistemas de xestión da prevención de riscos laborais.

8. Impulsaremos a FP Dual que permitirá unha maior incorporación ao mercado laboral, ao mesmo tempo que ofrecerá maior formación ao propio alumno debido á experiencia real de realizar dita profesión. Así mesmo, modificaremos a oferta formativa para adaptala ao tecido produtivo do noso país.
9. Garantizaremos a existencia de praza pública para as FP con maior taxa de empregabilidade, coa fin de que non haxa quen non poida acceder a un emprego a través da FP por motivos económicos.
10. Incorporaremos novos grupos empresariais á FP dual en familias profesionais nas que xa existen experiencia suficiente e exploraranse novas especializacións, en diálogo permanente coa comunidade educativa e cos representantes de sindicatos e em-presarios.
11. Estableceremos estratexias que permitan a incorporación á FP dual de pequenas e medianas empresas (acordos con clústers ou asociacións, por exemplo).
12. Promoveremos o recoñecemento social da FP dual. Fixación de estándares esixentes, por medio dunha acreditación galega.
13. Crearemos ecosistemas de innovación colaborativos: Potenciaremos os centros de innovación e tecnoloxía en colaboración coas 3 universidades galegas, pequenas e medianas empresas privadas e, por suposto, os organismos públicos.
14. Estes ecosistemas fomentarán a colaboración en proxectos de I+D+I orientados á aplicación práctica de tecnoloxías disruptivas como a intelixencia artificial, a internet das cousas, a robótica e o big data, solucionando retos específicos de Galicia, como a xestión sustentable de recursos naturais, a mellora de servizos públicos e o impulso da industria local. Ademais, servirían como incubadoras de startups tecnolóxicas, ofrecendo mentoría, financiamento e recursos para impulsar o seu crecemento.
15. Potenciación de centros de Innovación e Tecnoloxía: Estes centros enfocaránse na investigación e desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes, como intelixencia artificial, big data e ciberseguridad, adaptadas ás necesidades específicas de Galicia, como poden ser o sector loxístico, téxtil, marítimo, agrícola e turístico.
16. Apostaremos pola Formación e capacitación en TI e así desenvolveremos a iniciativa "Galicia Dixital Skills" (Competencias Dixitais), un programa de formación e capacitación en habilidades dixitais e tecnolóxicas dirixido a profesionais e empresas. Este programa incluírá cursos especializados en IA, ciberseguridade, cloud computing e análise de datos, asegurando que a forza laboral galega estea preparada para vos desafíos da transformación dixital. Estes programas estarían deseñados para cubrir as necesidades emerxentes en tecnoloxías disruptivas, garantindo que Galicia conte co talento necesario para o seu desenvolvemento tecnolóxico.
17. Desenvolvemento de iniciativas que amplíen e melloren a formación en TI, desde a educación primaria ata a formación profesional e universitaria, asegurando que estea aliñada coas demandas do mercado laboral actual e futuro. Isto incluíría programas especializados en desenvolvemento de software, análise de datos, ciberseguridad e xestión de sistemas de información
18. Impulsaremos Incentivos para a Dixitalización das Empresas: Implementaremos un programa de incentivos fiscais e subvencións para as pequenas e medianas empresas (Pemes) que invistan na súa dixitalización. Isto abarcaría desde a adopción de sistemas de xestión empresarial ata o desenvolvemento de plataformas de comercio electrónico, co obxectivo de mellorar a súa competitividade e capacidade de innovación. Priorizaríanse proxectos que promovan a sustentabilidade e o impacto social positivo.
19. Elaboraremos un Plan Plurianual de Incentivos para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación (I+D+I).

20. Lanzaremos o programa "InnovaTIC Galicia", un plan de incentivos económicos e de mentorización para startups e pemes que busquen desenvolver proxectos tecnolóxicos disruptivos. Este programa buscará a participación activa de grandes empresas como partners tecnolóxicos e de innovación, creando un ecosistema de colaboración único, reforzando para iso o papel dos Hubs de Innovación Dixital (DIH) nesta tarefa.
21. Melloraremos a infraestrutura dixital, a conectividade e acceso dixital para todos, asegurando o investimento en infraestruturas críticas para a dixitalización, como a expansión da banda ancha de alta velocidade e a cobertura 5G, especialmente en áreas rurais e menos desenvolvidas.
22. Facilitaremos o Acceso a financiamento e subvencións por parte das Pemes galegas, coñecedores de que a dispoñibilidade de recursos financeiros é crítica para o crecemento e a innovación no sector TI.
23. Poremos en marcha programas de financiamento específicos para startups e empresas de tecnoloxía, incluíndo subvencións, préstamos con condicións favorables e fondos de capital risco, especialmente dirixidos a proxectos que demostren potencial para o desenvolvemento económico sustentable e a creación de emprego de calidade.
24. Plan integral de Ciberseguridad. Implementaremos un plan integral de ciberseguridade, destinado a fortalecer as capacidades de defensa das empresas galegas ante ameazas dixitais. Ofreceremos auditorías de seguridade gratuítas, formación especializada e subvencións para a implementación de tecnoloxías de seguridade avanzadas en pemes e startups.
25. Estudaremos, coa administración portuguesa, a través dos mecanismos de cooperación transfronteiriza da rexión Galicia – Norte de Portugal, como o eixe atlántico, as posibles complementariedades de dotacións industriais e polígonos empresariais especializados.
26. Incorporaremos un enfoque de políticas transversais nos parques empresariais, aproveitando os seus espazos dotacionais, que recolla as necesidades de investimentos en materia de conciliación, prevención e urxencias, enfoques de deseño ecoeficientes, redes de comunicación e dixitalización, zonas verdes e de distracción, integración das áreas no contorno etc.
27. Impulsaremos a coordinación das Redes de Viveiros, Incubadoras e Aceleradoras de proxectos das diferentes institucións públicas que operan en Galicia desde o local ao estatal e de carácter público e privado para coordinar a súa acción e avaliar as necesidades existentes.
28. Intensificaremos a cooperación con universidades e centros de formación profesional para orientar o esforzo dos estudantes nos seus proxectos cara ao emprendemento cun compromiso de microfinanciar as primeiras fases para multiplicar as iniciativas.
29. Apoiaremos o redeseño de procesos ecoeficientes orientados a minimizar o consumo de recursos (materias primas, auga, envases, embalaxes etc.) e emisións, a través do uso de fontes de enerxía renovables e implantación das mellores técnicas dispoñibles.
30. Priorizaremos as actividades de I+D+i empresariais e tecnolóxicas enfocadas á combinación da sustentabilidade enerxética e medioambiental e a reindustrialización do noso país.
31. Impulsaremos un proxecto económico e industrial para Galicia coa enerxía verde como un dos puntais estratéxicos. Superaremos a falta de política industrial dos últimos 15 anos de goberno do PP liderando unha Xunta que deixe de ser obstáculo e se converta en compañeira de investimentos, activa e dinamizadora.
32. Elaboraremos un mapeado e zonificación das explotacións enerxéticas que permita un desenvolvemento harmonioso dos proxectos renovables. Igualmente, en liña coa nova Directiva de Enerxías Renovables, procederemos a unha simplificación normativa e burocrática.

33. Aprobaremos un Plan Estratégico de Enerxía eólica sostible para Galicia: non se concederá utilidade pública dos proxectos eólicos, nin se autorizarán expropiacións nos parques que non contén alomenos con contratos voluntarios no 50% da superficie de implantación e non se autorizará a implantación de novos parques eólicos en solo agrario en produción.
34. Nas autorizacións administrativas dos novos parques primáranse por parte das empresas promotoras, as medidas compensatorias de contido social para as comunidades afectadas pola instalación dos parques, como fondos para os concellos destinados ós políticas sociais, participación na produción enerxética para utilizar en proxectos de autoconsumo locais, despregue de puntos de carga de vehículos eléctricos, axudas para a xestión forestal nas zonas de implantación, ou sinerxias como a instalación de banda ancha de internet, ou o pago do custe da factura eléctrica aos veciños.
35. Poremos en marcha unha sociedade 100% pública encargada de xestionar as enerxías renovables de Galicia coa finalidade de xerar beneficios para todos os galegos e galegas, aberta ó colaboración co sector privado, defendendo que os recursos da nosa terra sexan aproveitados en favor do desenvolvemento industrial do noso país, para crear emprego e dinamizar sectores produtivos.
36. Elaboraremos un plan galego solar enfocado o desenvolvemento de autoconsumo e desenvolvemento de comunidades de enerxía renovable, que permita ós pemes beneficiarse reducindo a súas facturas enerxéticas e aumentar a súa competitividade.
37. Apostamos decididamente polo hidróxeno verde como un vector enerxético de futuro que atraerá industria limpa, principalmente aquela que non se pode electrificar, e que impulsará a fixación de industria en Galicia.
38. Creación de ferramentas de participación activa. Ampliar as funcións e composición do Consello Forestal e da Mesa da Madeira e crear os Consellos Forestais de Distrito (en base á participación pública dos PORF), así como crear vías de participación de todo o sector nas políticas activas que se impulsen para o rural.
39. Impulso do asociacionismo e cooperativismo forestal. Vinculado ao asociacionismo e ao cooperativismo agrario poden crearse modelos específicos para o sector forestal que permitan mellorar a eficiencia e profesionalización na xestión de recursos (maquinaria compartida, central de compras e agrupación da venda de produtos).
40. Un sector mellor formado e máis innovador. Revitalizaremos as escolas de formación, vinculadas ao persoal dos distritos forestais, tamén dispoñemos dunha rede de asesoramento forestal que incorpore elementos de demostración (parcelas de demostración) e permita achegar novas técnicas e modelos ao sector.
41. Un sector máis diversificado. Aposta pola certificación forestal e a custodia do territorio a través do impulso decidido destas ferramentas nos montes en xestión pública e na promoción e difusión do seu uso entre a sociedade.
42. Impulsar a creación de novas industrias forestais vinculadas á potencialidade do monte, especialmente as vinculadas ás segundas transformacións e ás novas oportunidades de mercado (bioeconomía, biorrefinería, biocombustibles, produtos non-madeireiros vinculados á saúde, decoración, servizos ambientais...). É preciso realizar unha aposta decidida cara á innovación, diversificación e internacionalización de toda a cadea monte-industria.
43. Montes Veciñais en Man Común (MVMC). Este tipo de figura de propiedade segue sen estar aproveitado e xestionado de forma eficiente acorde aos tempos actuais e ás diferenzas territoriais, demográficas e sociais de Galicia e aos fortes cambios acaecidos desde a elaboración da lei ata o momento actual.

44. Elaborarase unha nova Lei de MVMC de Galicia e un Plan de Xestión do conxunto e de cada un dos MVMC integrado coa planificación forestal e o plan de desenvolvemento rural de Galicia. Revisarase a clasificación e o rexistro actual de MVMC. Reconsiderarase a condición de comunei-ro. Todos os MVMC terán un Plan de Xestión ou Proxecto de Ordenación que deixará perfectamente definido o seu deslinde e marcaxe, do mesmo xeito que o listado dos seus propietarios.
45. Establecerase o Rexistro galego de aproveitamentos da calidade cinexética, regulando de forma inmediata a certificación de calidade cinexética, establecendo os criterios e o procedemento de obtención desta (como a madeira certificada con FSC e PEFC), así como o uso do distintivo «Calidade Cinexética de Galicia».
46. Potenciaremos o Banco de Terras como un instrumento efectivo para o reforzamento da base territorial agraria e de impulso da incorporación de mulleres e de mozas e mozos.
47. Incrementaremos un 25% das partidas orzamentarias para o fomento dos seguros agrarios e gandeiros como un mecanismo de salvagarda esencial contra axentes alleos, como o clima ou as enfermidades.
48. Apostaremos pola dixitalización do medio rural galego en torno a unha nova Oficina Agraria Virtual que sirva de canle non só de tramitación de axudas e permisos, senón de participación, formación continua e interrelación con sector.
49. Elaboraremos Plan específicos para fomentar a incor-poración de mulleres á titularidade das explotacións, con medidas de discriminación positiva e de fomento da titularidade compartida.
50. Impulsaremos un Programa de relevo xeracional no sector agrogandeiro con medidas específicas de apoio á renda das mozas e mozos que se incorporen, para o acceso a superficie agraria, axudas á xubilación condicionadas á incorporación dunha moza ou mozo á explotación, así como medi-das de asesoramento específico para o acompañamento no proceso de incorporación á activida-de agrogandeira.
51. Aprobaremos un Código de boas prácticas mercantís na contratación agraria en Galicia e reforza-remos as medidas de control e sanción das malas prácticas no sector comercial e da distribución como a venda a perdas ou o emprego de pro-ductos agroalimentarios como reclamo.
52. Apostamos pola calidade e a diferenciación dos produtos agroalimentarios galegos. Galicia é unha potencia en indicativos de calidade agro-alimentaria, pero debe converterse nunha poten-cia na achega ao consumidor do valor engadido da produción agroalimentaria galega de calidade. Trátase de fomentar non só a produción, senón a transformación en Galicia.
53. Promoveremos a contratación pública da compra de proximidade, produtos galegos e ecolóxicos como condición especial de execución ou como subcontratación obrigatoria de provedores galegos. Para impactar positivamente nos produtores galegos, aplicaremos estas medidas nos centros de política socialresidencias, centros de día, de persoas con diversidade funcional, etc, nas sedes da Xunta e delegacións territoriais, áreas sanitarias e nos centros educativos públicos.
54. Apostaremos pola I+D+i no sector primario, pola transferencia e a formación, adoptando entre outras medidas a creación dunha escala de persoal investigador e de deseñando un Plan estratéxi-co de formación agraria, cunha aposta decidida pola formación profesional dual nos seis Centros de Formación e Experimentación Agroforestal da Xunta de Galicia.
55. Participaremos do Pacto Rural Europeo, Plan de Acción Rural da Unión Europea, para fomentar a cohesión económica, social e territorial das zonas rurais, creación de novas oportunidades para atraer a empresas innovadoras, emprego de calidade, mellores infraestruturas e servizos, o fomento da agricultura e gandaría galega e a súa posta en valor como eixe da acción do goberno

56. Elaboraremos, contando co sector pesqueiro e marisqueiro, unha estratexia galega do mar para aliñar a súa actividade ao pacto verde, á axenda 2030 e aos obxectivos de desenvolvemento sostible para facer fronte ao cambio climático e aos desafíos do sector.
57. Reorganizaremos de xeito completo a consellería do Mar e da gobernanza institucional, incluíndo novas ferramentas de impulso á capacidade científico – técnica e á competitividade do sector.
58. Apoiaremos á cadea de valor mar industria defendendo un PERTE financiado co plan de recuperación e resiliencia.
59. Elaboraremos un Plan pola calidade de vida da xente do mar, impulso a renovación xeracional, modernización e mellora das condicións laborais e sociais da pesca e acuicultura. Así como melloras en materia de pensións, seguros de mal tempo, falecemento, enfermidade e seguridade, impulsando o Convenio 188 de traballo en Pesca.
60. Reforma do Centro Tecnolóxico do Mar (CETMAR) e do INTECMAR, incorporando aos axentes do sector e universidades para que contribúan ó mellora da competitividade e coñecemento.
61. SEGURIDADE MARÍTIMA, mellorando os medios existentes en materia de seguridade e salvamento.
62. MARISQUEO, Recuperación os axentes de Extensión Pesqueira como ferramenta de apoio ao marisqueo, así como axudas para situacións de crise (mortantade do recurso) e e dotación de infraestruturas adecuadas.
63. MODERNIZACIÓN, Apoiaremos ás confrarías de pescadores, Organizacións de Produtores Pesqueiros (OPPs) e ás asociacións representativas do sector no seu proceso de modernización e dixitalización.
64. SECTOR CONSERVEIRO, Impulsaremos a posta en marcha do Plan estratéxico da Conserva de Galicia e promoveremos o desenvolvemento dun Plan Estratéxico do Mexilón de Galicia.
65. ESTRATEXIA DE COMERCIALIZACIÓN, Reformularemos a estratexia e marca “Pesca de Rías” para promover o consumo de produtos do mar e da acuicultura, que está a descender de xeito acelerado..
66. FURTIVISMO: Reforzaremos o servizos de Gardacostas de Galicia para a mellora da vixilancia e control dos recursos marisqueiros e recursos específicos.
67. Para unha boa xestión dos Fondos Europeos conseguidos polo Goberno de España, crearemos a Axencia Única de Xestión de Fondos Europeos de Galicia, con participación das entidades locais de Galicia. Un único centro xestor que evite a actual atomización da xestión e o caos administrativo na xestión que leva ós cifras de inexecución actuais.

A cohesión social.

Uns servizos públicos para garantir a igualdade de oportunidades.

68. Impulsaremos un Acordo Social pola mellora e sustentabilidade do Sistema Público de Saúde de Galicia, coa mellora das condicións laborais dos profesionais sanitarios e novos protocolos que garanten unha atención persoalizada na atención primaria e tamén no ámbito hospitalario.
69. Excluiremos, mediante unha lei do Parlamento de Galicia, o uso dos modelos de Contratos de Colaboración Público-Privada e Concesión de Obra Pública e de Servizos do financiamento de infraestruturas sanitarias públicas, polo seu maior custo, a xeración dunha débeda pública real que grava as xeracións futuras e a diminución na calidade asistencial referida por diferentes informes da OMS.
70. Faremos un Plan a medio prazo para garantir o Servizo de Pediatría en Atención Primaria no conxunto do territorio, e revertir a situación actual na que máis do 60% dos concellos non ten pediatría.
71. Poremos en marcha de forma inmediata un Plan de choque para reducir os tempos de agarda na atención primaria garantindo asistencia en 48 horas.
72. Aumentaremos a convocatoria de prazas sanitaria nas especialidades deficitarias (MIR) para reducir a fenda actual.
73. Poremos en funcionamento dun Plan de incentivos para as prazas de difícil cobertura, co obxectivo de cubrir todo o territorio galego.
74. Aumentaremos o número de profesionais da Psiquiatría e Psicoloxía Clínica nos hospitais galegos, xa que as ratios galegas de profesionais por número de habitantes son as máis baixas de España.
75. Implantaremos o Servizo de Atención Temperá en todos os concellos de Galicia garantindo a asistencia nos eidos da Logopedia, Fisioterapia, terapia ocupacional, etc asegurando unha axeitada coordinación cos servizos de Pediatría.
76. Melloraremos e modernizaremos as instalacións sanitarias e reposición e equipos obsoletos (por exemplo nas áreas de radioloxía) apostando pola eficiencia enerxética, cun Plan de Infraestruturas Sanitarias.
77. Estableceremos un calendario e a correspondente previsión orzamentaria para ter en funcionamento unha Unidade de Hospitalización Infanto-Xuvenil en cada área sanitaria de Galicia no prazo de 4 anos.
78. Impulsaremos a Integración dos centros de adicións e saúde mental na Rede Pública do Sergas.
79. Recuperaremos a gratuidade dos libros de texto no ensino obrigatorio para todos os nenos e nenas que estuden en centro públicos ou concertados, ben sexa a través do formato papel ou ben coa gratuidade dos libros en formato electrónico.
80. Impulsaremos un plan alfabetización dixital dotando a cada familia galega con mozos e mozas en idade da educación obrigatoria cun ordenador, cun dobre obxectivo: que a fenda dixital non supoña unha discriminación nin falla de oportunidades no ensino e por outra banda que teñan posibilidades de dispor dun equipo básico para poder estudar e aprender.

81. Ampliaremos a FP Dual a todas as titulacións para favorecer o emprego do alumnado.
82. A primeira matrícula en grao e máster universitario será gratuíta.
83. Aprobaremos unha nova lei de educación de Galicia que contemple as necesidades actuais do alumnado e que reverta os recortes no sistema educativo dos últimos 15 anos.
84. Deseñaremos e poremos en marcha un Plan de Convivencia no que todos os membros da Comunidade Educativa estean implicados, dando especial protagonismo aos e ás estudantes na xestión e resolución de conflitos, aos que se involucra en plans formativos para estas tarefas.
85. Mellora das condicións de traballo do profesorado, baixada de ratios e implantación dun Plan de Calidade no ensino público.
86. Desdobramentos e dotación de profesorado de apoio que permitan a atención á diversidade.
87. Aposta por un novo modelo de formación permanente do profesorado que aproveite, de xeito eficaz, as posibilidades de formación en liña e as novas metodoloxías docentes.
88. Implantar de forma continua e progresiva a aprendizaxe por proxectos e outros programas de innovación educativa.
89. Reforzar e mellorar a dirección dos centros, as súas funcións e condicións profesionais, para que exerzan liderado pedagóxico e democrático.
90. Impulsar políticas de atención ás familias no ámbito escolar, especialmente en medios socialmente desfavorecidos.
91. Revisaremos e poremos ao día o mapa escolar de Galicia.
92. Poremos en marcha dun Plan Plurianual de mantemento das instalacións dos centros educativos os galegos.
93. Posta en marcha dun Plan Plurianual de equipamentos didácticos, fundamentalmente material informático e de talleres de formación profesional.
94. Revisión do modelo de comedores escolares, de xeito que se acade unha cobertura suficiente e cos parámetros de calidade axeitados, de modo que se implante un modelo sostible e coa participación necesaria da administración local.
95. Aproveitaremos con maior eficiencia o servizo de transporte escolar, e facelo accesible ao alumnado do rural que desexe cursar ensino postobrigatorio e non dispoña dun servizo regular de transporte.
96. Plan de implantación de profesores nativos nos centros de ensino.
97. Revisión do actual modelo de centros plurilingües mediante a adopción de medidas de choque que corrixa o actual fracaso do modelo existente.
98. Coa participación do Consello Galego de Formación Profesional, deseñar un Plan Estratéxico de Impulso á Formación Profesional, de forma que responda ás necesidades derivadas dun novo modelo de crecemento sostible e permita acadar os niveis dos países do noso contorno.

99. Potenciar a aprendizaxe de linguas estranxeiras, fomentando as estadias periódicas non estranxeiro de alumnado e profesorado.
100. Promoverase a incorporación das EEAASS (Ensinanzas Artísticas Superiores) ao sistema universitario galego, a través dun período de adscrición que permita a adecuación paulatina do funcionamento dos centros á norma universitaria, incorporando un plan de financiamento que acompañe ese proceso. Dúas medidas ás que se sumarán iniciativas orientadas ao fomento de axudas aos estudos de grao e posgrao, de plans de mellora dos equipamentos e infraestruturas dos centros, e de liñas de fomento da investigación
101. A suficiencia estrutural do financiamento público universitario é requisito irrenunciable para poder garantir a equidade do SUG e a súa capacidade para obter resultados e competir no eido internacional de forma colaborativa.
102. Faremos unha Aposta estratéxica por unha incardinación da universidade na sociedade nas sete áreas urbanas. Sete campus, sete proxectos de cidades do coñecemento, aproveitando as potencialidades e a especialización. Unha rede galega de sete campus de alta especialización debe de ser a aposta do noso sistema universitario.
103. Débese potenciar decididamente o Consorcio Interuniversitario de Galicia, como fórmula eficaz e eficiente para unha aposta colaborativa do SUG, que permite compartir recursos, potenciar as capacidades de xestión tecnolóxica das nosas universidades e pode servir de eixe vertebrador das titulacións interuniversitarias.
104. Desenvolveremos Programas de Consolidación dos Grupos de Investigación e apoiar os investigadores máis novos.
105. Ampliaremos nun 25% o primeiro ano a dotación para bolsas pre e posdoutorais autonómicas.
106. Completaremos a consolidación das estruturas de investigación creando o Instituto Galego de Investigación Aplicada, na liña do ICREA catalán ou o IKERBASQUE.
107. Promoveremos e profundarizaremos na internacionalización do noso sistema universitario, potenciando programas de mobilidade do profesorado e do alumnado, creando os recursos que garantan a igualdade de oportunidades para participar nestes. Unha internacionalización que non debe circunscribirse a Europa, cos Programas Erasmus, senón que debe ter en conta tamén ou Espazo Iberoamericano do Coñecemento.
108. Implantaremos un plan de residencias para persoas maiores con prezos xustos e atención personalizada e con capacidade de crear riqueza e emprego nos concellos; e dotaremos de máis recursos a atención domiciliaria.
109. Impulsaremos un novo modelo de residencias de maiores con atención máis personalizada dos usuarios e usuarias baseado na garantía pública, sexa cal sexa a titularidade e o seu modelo de xestión de cada centro, e para iso reforzaranse os instrumentos de inspección e creárase un Selo de Calidade para avalar as boas prácticas.
110. Desbloquearemos o servizo de atención ó dependencia e cambiaremos os bonos electoralistas e pobres do PP por dereitos recoñecidos.
111. Reporemos a Tarxeta Básica, que chegou a beneficiar a ata 55.000 persoas en Galicia, para que as persoas excluídas doutros mecanismos de axuda poidan dispor dun mínimo de axuda para alimentación, medicamentos e produtos de hixiene. Esta medida formará parte dun Plan de actuación contra a pobreza e a exclusión social con orzamento, prazos e medidas concretas e medibles, que incorporará unha liña de apoio ás familias en situación de vulnerabilidade para afrontar os gastos da vivenda.

112. Triplicaremos a dotación do bono social eléctrico co fin de chegar a ata 18.000 persoas beneficiarias en Galicia, pois a Xunta destina a este fin unha cantidade excesivamente baixa chegando só a 9.600 persoas.
113. Asumiremos por parte da Xunta de Galicia a maior parte do custe económico do SAF (Servizo de Asistencia no Fogar). Este servizo de asistencia ao domicilio, sendo unha competencia autonómica, está actualmente afogando aos concellos que teñen que asumir a maior parte do custe, a pesar de ser a administración que conta con menores recursos.
114. Reforzo dos equipos de inspección dependentes da Consellería de Política Social para incrementar a supervisión dos centros de maiores e realizar unha investigación exhaustiva sobre o funcionamento completo do sistema de inspección dos servizos sociais da Xunta que garanta o funcionamento e a eficacia das inspeccións.
115. Estableceremos un prazo máximo para as resolucións de axudas á Dependencia. Isto vai da man dun reforzo dos equipos encargados de facer as valoracións iniciais -ou as reavaliacións- da Dependencia para evitar as demoras que se prolongan moitas veces máis dun ano.
116. Conectaremos o Ingreso mínimo Vital coa Risga, promovendo o maior fluxo de información entre administracións e traballar cara unha menor burocracia e axilidade na tramitación das axudas.
117. Creación de centros de Acollida e tutela non sanitarios a menores de 65 anos. Non existe unha rede de centros de acollida para aqueles menores de 65 anos que non cumpran os requisitos para entrar en centros de saúde mental, xeriátricos ou pisos tutelados. Existen persoas maiores de idade que non teñen acceso a medios de subsistencia ou coa documentación administrativa legal, como é o caso das persoas migrantes que nos encontramos coa deber moral, político e institucional de acoller.
118. Garantizaremos a formación e especialización do persoal das residencias e centros de día para levar a cabo unha atención axeitada ás diversas casuísticas (demencias, dano cerebral, discapacidade intelectual, cancro...).
119. Faremos un Plan de erradicación da pobreza infantil, con especial atención ás familias monomarentais, no que se inclúa o acceso en igualdade de condicións do alumnado, a gratuidade nos comedores escolares e, en colaboración cos concellos, a gratuidade nas actividades culturais e deportivas.
110. Destinaremos como mínimo o 1% do orzamento consolidado da Xunta de Galicia ás políticas específicas de igualdade e contra a violencia contra a muller.
111. Crearemos o Instituto Galego da Muller, recuperando así o senlleiro organismo público responsable da defensa da igualdade entre mulleres e homes en Galicia, fulminado polo PP no ano 2010.
112. Faremos un Gran Pacto Galego pola Corresponsabilidade, implicando ao tecido social, sindicatos e patronal para priorizar a corresponsabilidade, porque a ausencia dela é unha das grandes causas da desigualdade entre mulleres e homes.
113. Elaboraremos, en colaboración coa FEGAMP, unha estratexia para estender a rede de Centros de Información á Muller (CIM) que estableza criterios de emprazamento e prestación de servizos conforme a factores como a xeografía, a densidade poboacional e as características socio demográficas. Para tal fin, a Xunta de Galicia prestará soporte técnico e incrementará os recursos económicos que garantan a pervivencia no tempo dos CIM.

114. Poremos en marcha de maneira inmediata e simultánea nas catro provincias galegas os centros de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual, estendéndoo de xeito progresivo a todas as áreas sanitarias de Galicia.
115. Incorporaremos a educación afectivo – sexual no en-sino regrado, con especial atención ao uso axeitado das novas tecnoloxías para avanzar na erradicación da violencia sexual, con especial atención á mocidade, con accións dirixidas a advertir do perigo que implica o consumo de contidos dixitais pornográficos baseados na violencia sexual contra as mulleres. Proporcionar previamente formación ao profesorado para garantir que contén coas ferramentas necesarias para impartir a educación-afectivo sexual nas aulas.
116. Camiñaremos cara á abolición da prostitución a través dun proceso que debe estar marcado por iniciativas legislativas e cambios sociais, á vez que require de políticas públicas eficaces que ofrezan unha saída e acompañamento integral ás mulleres prostituídas, facendo da prostitución unha práctica do pasado.
117. Crearase a Comisión de Atención e Seguimento Sanitario a Vítimas de Violencia de Xénero e un Centro de Investigación sobre a violencia contra as mulleres, multidisciplinar e que será un elemento de coordinación con organizacións, Forzas e Corpos de Seguridade do Estado, Poder Xudicial, administración, centros sanitarios e centros de ensino e que será un espazo de referencia na formación das persoas profesionais.
118. Elaboración dun Plan conta a violencia machista centrado na prevención e na educación, que inclúa campañas de información e sensibilización sobre os distintos tipos de violencia
119. Poremos en marcha de maneira inmediata e simultánea nas catro provincias galegas os centros de crise 24 horas de atención integral ás vítimas de violencia sexual.
120. Garantir a creación de xulgados especializados en Violencia de Xénero en cada cidade de Galicia.
121. Dar cumprimento á Lei LGTBI de Galicia. Coa creación dun servizo de información, atención e asesoramento a persoas do colectivo e ás súas familias e persoas achegadas, en colaboración cos gobernos locais, para prever situacións e agresións LGTBIfóbicas cara os galegos e galegas do colectivo LGTBI.
122. Impulsaremos a formación ao persoal sanitario para a adaptación dos seus protocolos á realidade das mulleres LBT así como formación a todo o persoal da Administración Autonómica na atención á diversidade.
123. Revisaremos e axilizararemos os procesos, así como intensificar a firma de protocolos para a adopción no caso de familias homoparentais e monoparentais.
124. Desligar dos CIMs a atención ao colectivo LGBTI e crear os Centros Municipais de Atención á Diversidade con dotación orzamentaria e persoal especializado, e que sirva como ferramenta de atención ás vítimas da LGTBifobia así como para o reforzamento da atención á diversidade sexual no ámbito municipal.
125. Ampliar o marco dos dereitos no ámbito deportivo na promoción da igualdade impulsando de maneira especial o deporte feminino, primando a participación en deporte feminino e a presenza de mulleres nos espazos técnicos e dirixentes das entidades deportivas.
126. Convocar e resolver con maior transparencia e axilidade as axudas a entidades deportivas como os clubs e as federacións, establecendo criterios claros e continuados no tempo, que faciliten a previsión e organización dos clubs, e tendo en conta a todas as especialidades deportivas.

127. Impulsaremos un Plan de Infraestructuras Deportivas en co-laboración cos concellos e Deputacións.
128. Dotar de maiores recursos, materiais pero tamén coa posibilidade de ampliar o persoal técnico a disposición de deportistas e adestradores, ao Centro Galego de Tecnificación Deportiva para poder ofrecer aos deportistas de maior rendemento de Galicia as mellores condicións para competir ao máis alto nivel.
129. O deporte escolar debe constituír un obxectivo prioritario e reorganizarse en torno ao centro de ensino, orientando a actividade deportiva (adestramento e competición) cara á participación de todos o alumnado, baixo criterios educativos e saudables. No seu desenvolvemento deberán colaborar e participar os municipios, as anpas e, no seu caso, as federacións e outras entidades deportivas, para formular en cada centro un Plan de Deportes

Avanzar na cohesión territorial de Galicia.

Completaremos o mapa de infraestruturas de Galicia, desbloqueando obras estratéxicas que levan paradas 15 anos:

130. A culminación da Vía de Alta Capacidade (VAC) Costa Norte, entre Ferrol e San Cibrao (Cervo). Os dous únicos tramos feitos son obra do último goberno socialista na Xunta de Galicia, presidido por Emilio Pérez Touriño.
131. Remataremos a Autovía da Costa da Morte, entre Carballo e Cee-Fisterra.
132. Desdoblaremos o corredor Brión-Noia para converter o traxecto entre Santiago e Noia nunha autovía libre de peaxe, aproveitando o proxecto e as expropiacións x afeitas no seu día polo goberno socialista de Emilio Pérez Touriño.
133. Abordaremos os accesos ao Porto Seco de Monforte, unha plataforma chamada a converterse en nodo loxístico de referencia en Galicia e Europa
134. Faremos a autovía entre Lugo e Monforte, mellorando as comunicacións entre as provincias de Lugo e Ourense.
135. Acometeremos o arranxo da estrada LU-651 no Courel derrubada e o ensanche do treito de Folgoso a Seoane
136. En colaboración co Goberno central, daremos impulso ó saída sur do AVE galego unindo Vigo con Oporto e impulsaremos a saída de Vigo por Cerdedo cara Madrid en Alta Velocidade.
137. Establecemos un firme compromiso para dotar a Galicia da gratuidade tanto na autopista AP-9 que une Ferrol e Tui como na AP53 entre Santiago e Ourense.
138. Protexer o valor da nosa paisaxe. Evitar que as paisaxes naturais galegas, polo de atracción turística e, polo tanto, xerador de emprego e de riqueza, sexan atacadas por intereses alleos ou grandes construcións, evitando que se repitan os "pelotazos" urbanísticos, cun beneficio unicamente privado.
139. Preservar a riqueza natural das nosas costas. Maximizando o turismo de calidade por riba da cantidade, respectando a beleza natural do noso litoral. Por iso apostamos por asumir as competencias de ordenación do litoral dende a administración autonómica, pero seguindo as vías necesarias para elo e non actuando de forma unilateral co único fin de buscar vías de confrontación.
140. Creación de novos parques naturais. O réxime de maior protección é a denominación de Parque Natural, contando na actualidade en Galicia soamente con seis. Impulsaremos a incorporación de novos espazos a este grupo, por exemplo, o dos Montes do Gato na provincia da Coruña. Plan especial de protección de ecosistemas autóctonos.
141. Primaremos a incorporación das especies forestais autóctonas galegas, beneficiando aos propietarios que as planten nos seus terreos, seguindo unha estratexia de conservación dos ecosistemas naturais dos montes galegos. Así mesmo, poñer freo inmediato á proliferación de eucaliptos e outras especies invasoras que danan o ecosistema, aumentando o risco de xeración de vagas de incendios.

142. Promover a concentración parcelaria e as Comunidades de Montes activas. É preciso reformular a propiedade dos nosos montes ante a chegada de novas xeracións que non buscan ocuparse tanto das súas propiedades. A concentración parcelaria e o impulso de Comunidades de Montes activas na preservación do territorio, que apoiem actividades responsables co ecosistema, manteñan limpos os montes e promovan o pastoreo extensivo.
143. Plan de estabilización e desestacionalización do persoal de bombeiros forestais. É preciso ter un cadro de persoal de bombeiros forestais que traballen durante todo o ano de forma estable en materia de prevención de incendios e limpeza de montes, contando con estabilidade laboral e cos recursos capitais e humanos suficientes para realizar a súa tarefa.
144. Tratamento da erosión no litoral do río Miño, actuando de forma coordinada coa administración do Estado para atallar os problemas de erosión e desenvolvendo as actuacións para evitala no futuro.
145. Mellora das redes de abastecemento, depuración e saneamento das augas. Estamos obrigados a facer un uso racional dun recurso que é indispensable e a axudar aos concellos nas labores que lle corresponden para levar o saneamento aos núcleos menores e potenciar a redución da contaminación en orixe.
146. Integrar a calidade do aire nas políticas de ordenación territorial, planificación urbanística e xestión do tráfico.
147. Plan de acción contra o ruído. Promoveremos actuacións prioritarias para a prevención de situacións de exposición da cidadanía ao ruído excesivo.
148. Actualización da lei de vivenda de Galicia do 2012 a nova realidade e ao novo marco xurídico da Lei estatal
149. Impulso ó construción de vivenda protexida, comprometéndonos a unha construción media anual de 2.500 vivendas e potenciación do alugueiro social.
150. Elaboración dun estudo, en colaboración cos concellos, de zonas tensionadas na comunidade autónoma para que, unha vez declaradas como tal, se poidan aplicar as medidas recollidas na Lei estatal de vivenda.
151. Impulsaremos un parque de vivenda pública asequible e o suficientemente amplo para garantir que a mocidade non teña que destinar máis do 30% do seu soldo para pagar a súa casa.
152. Plan efectivo de rehabilitación de vivendas baleiras. Hai que dar os incentivos suficientes para que boa parte das 330.000 vivendas baleiras que hai en Galicia volvan ao mercado e poida aumentar de forma considerable a oferta para reducir a inflación do mercado.
153. Creación dun mapa galego de vivendas inacabadas que permita ler de forma global a magnitude do problema e marcar unha serie de pautas de actuación e priorización das mesmas. Estaría baseado nun informe que distinga estas vivenda por concellos, o seu carácter unifamiliar ou plurifamiliar e o seu estado tanto físico como legal.
154. Limitación dos pisos turísticos. En coordinación cos concellos, estableceranse límites precisos do número de licencias de pi-sos turísticos e perseguirase de maneira efectiva, ampliando as sancións, aos pisos en alugueiro turísticos que actúen sen licencia.
155. Garantir a competencia no sector do transporte por estrada, revisando as concesións e contratos coas empresas de transporte por estrada. Así mesmo, establecer mecanismos de sanción máis esixentes ante o incumprimento dos servizos establecidos e deseñar novos criterios de adjudicación nas futuras concesións que eviten a cooptación do mercado garantan a libre competencia.

156. Redefinir o transporte público de Galicia pensando no rural, coa finalidade de evitar zonas de exclusión no transporte público. É necesario apostar por incrementar os medios para dotar de transporte ás zonas rurais, facéndoo máis atractivo para que a xente nova poida acceder a desenvolver nel o seu proxecto vital, así como para conectar os distintos núcleos poboacionais, impulsando a economía no ámbito rural.
157. Plan de Transferencia de estradas entre as distintas administracións, fundamentalmente Xunta de Galicia, Deputacións e Concellos, facendo que cada administración soporte as vías que lle corresponde.
158. Defensa do traspaso da titularidade da autoestrada AP-9 á Xunta de Galicia, co fin de aumentar a capacidade da Administración galega para intervir na xestión da principal arteria de comunicación da comunidade e na política de tarifas, descontos e bonificacións.
159. Implementar os mesmos descontos nas peaxes das autoestradas autonómicas que xa se están a realizar nas autoestradas do Estado. Esta medida é esencial para non limitar a comunicación entre os municipios galegos, o que na actualidade é un freo para o conxunto da economía do país.
160. Implementación do servizo ferroviario de Cercanías que ten previsto crear o Goberno de España para facer del unha rede de proximidade real con especial atención ás conexións interurbanas e aos eixos A Coruña - Ferrol e Vilagarcía - Pontevedra - Vigo - Tui.
161. Fomento dos transportes de ría que actualmente só existen nas rías de Vigo e Ferrol, como medios de transporte alternativos ao vehículo privado.
162. Creación dun Plan de Fomento do uso do vehículo eléctrico, incluíndo medidas con impacto real como a implantación de sistemas de recargas.
163. Coordinar e conectar os aeroportos galegos. É necesario lograr unha coordinación real lonxe dos localismos imperantes que sirva para atender as demandas de rutas existentes en cada área de Galicia e permita poñer ás infraestruturas aeroportuarias ao servizo da actividade económica da comunidade.
164. Impulsar un Plan Xeral de Portos de Galicia que determine a evolución do sistema portuario autonómico a quince anos vista e contribúa a optimizar as infraestruturas existentes e as necesidades de cara ao futuro seguindo criterios de racionalidade e sustentabilidade.
165. Promoción de novos carrís e itinerarios para o uso seguro dos vehículos de mobilidade persoal (VMP), como os patinetes eléctricos e outros similares, e incorporar (o) a súa existencia á planificación urbanística.
166. Regulación da crecente distribución urbana de mercadorías no centro das cidades, especialmente na chamada última illa, coa finalidade de optimizar a distribución e os horarios e de diminuír a conxestión do tráfico e as súas consecuencias.
167. RETO DEMOGRÁFICO. Establecer a regra dos 30 minutos. Deberá haber prestación de servizos básicos a un radio de polo menos 30 minutos de desprazamento, incluíndo a atención sanitaria, centros educativos, transporte público e equipamentos asistenciais como centros de día ou residencias.
168. Compensación económica a través dos orzamentos da Xunta das zonas máis despoboadas, especialmente achegando un maior orzamento aos concellos que sufran en maior medida o inverno demográfico, con especial atención ao interior e ás provincias de Lugo e Ourense.

169. Reforzar as cabeceiras comarcais como polos de actividades económicas, de servizos e de equipamentos, fortalecendo os servizos públicos que se prestan nelas e desenvolvendo sistemas de transporte que faciliten a mobilidade.
170. Reclamaremos do goberno do Estado, que dispón da competencia, a completa cobertura en banda larga a todo o territorio de Galicia. Débese prescindir dos criterios de porcentaxes de poboación fixada nos seus domicilios para falar da cobertura do 100% do territorio, pois a mobilidade caracteriza o mundo de hoxe e o rural, se queremos poñelo en valor, debe dispor de cobertura total.
171. Reformulación do Plan Estratéxico do Turismo Rural de Galicia. Buscando ampliar as oportunidades económicas e unha maior oferta nos municipios cun maior declive demográfico.
172. Elaboraremos un Plan de Turismo Cultural Galicia 2030 que desde unha estratexia participativa recolla as accións a desenvolver no eido dos festivais de cine e música, do patrimonio histórico, o patrimonio inmaterial, dos museos e espazos contemporáneos de arte e creación artística ou da etnografía e arquitectura popular que tanto nos identifica. Un plan que contemple o orzamento necesario, o cronograma de actuacións e as liñas a realizar para posicionar a potencia cultural de Galicia no espazo turístico nacional e internacional.
173. Incrementaremos un 35% da dotación económica e concorrencia competitiva na convocatoria das axudas para infraestruturas turísticas nos concellos de menos de 10.000 habitantes para contribuír de maneira efectiva e en igualdade de condicións ao desenvolvemento turístico do medio rural galego.
174. Impulsar o turismo sostible nos espazos naturais protexidos, desenvolvendo unha actividade turística controlada dende os organismos públicos, pero que sirva de motor económico das po-boacións próximas a estes espazos naturais e de mecanismo de difusión da importancia destes lugares. Seguindo o modelo das Fragas do Eume ou o Parque Natural das Illas Atlánticas.
175. Articular unha presenza máis selectiva e coherente en feiras, work-shops e xornadas de presentación de destinos; e abordar as relacións cos canais desde unha perspectiva relacional –máis aló da organización de fam-trips– que redunde no mantemento de relacións mutuamente beneficiosas coas axencias e turoperadores.
176. Incentivos fiscais a iniciativas de turismo rural en zonas deprimidas demograficamente. Estas iniciativas deberán cumprir requisitos como a xeración de emprego de calidade e desenvolver a súa actividade de forma sustentable co medio ambiente.
177. Racionalizar e coordinar os eventos estivais, reunindo aos promotores e produtores para evitar un crecemento desmedido deste tipo de eventos, como pode ser o caso dos festivais de música.
178. Activaremos a Galicia Film Commission como unha oficina de referencia no audiovisual español cunha estratexia ordenada de captación de rodaxes en Galicia e cun papel de liderado no panorama nacional acorde ao potencial do sector e a oportunidade de captación de fondos para o desenvolvemento do tecido e do territorio.

Un novo modelo para propiciar a segunda gran transformación de Galicia.

179. Impulsaremos a Reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia para que teñamos máis capacidade de autogoberno e mellores ferramentas institucionais.
180. Impulsaremos a creación da Oficina Orzamentaria no Parlamento de Galicia, para que efectúe una avaliación ex-ante das consecuencias económico-financeiras dos proxectos legislativos e proposicións de lei que serán tramitados no Parlamento de Galicia, así como da coherencia das previsións orzamentarias.
181. Impulsaremos a avaliación ex-ante da rendibilidade dos proxectos de investimento de contía superior a 5 millóns de euros, así como dos custos asociados a todo programa de nova creación, desde a Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e por medio de instrumentos técnicos independentes.
182. Crearemos na Consellería de Facenda unha unidade encargada do seguimento das recomendacións e requirimentos dos informes do Consello de Contas, elevando un informe anual ao Parlamento de Galicia.
183. Reformaremos a Lei de Subvencións para reducir ao mínimo as excepcións ao seu cumprimento e reforzar os controis para eliminar a discrecionalidade nas concesións e garantir a eficacia.
184. Impulsaremos a creación dunha Comisión interadministrativa para a eficiencia na administración, co obxecto de revisar os procedementos e os programas de gasto, para eliminar duplicidades e áreas de ineficiencia, concentrando os recursos alí onde produzan máis rendementos.
185. Crearemos dun Programa de contratación de persoal técnico para a captación e xestión de fondos europeos na Administración Local de Galicia financiado pola Xunta de Galicia, a imaxe do realizado pola Generalitat Valenciana.
186. Regularemos os grupos de interese (lobbies) e xestión dos conflitos de interese dos altos cargos e membros do goberno autonómico.
187. Adecuaremos a estrutura organizativa da administración galega e os procesos selectivos do seu sector público ós necesidades actuais da cidadanía.
188. Promoveremos iniciativas Open Data e Impulsaremos a automatización dos procedementos administrativos.
189. Defenderemos un novo modelo de financiamento autonómico, reforzando o Fondo de Compensación Interterritorial que corrixa desequilibrios económicos (tendo en conta o cálculo da prestación de servizos tendo en conta a dispersión poboacional en Galicia) aplicando o principio de solidariedade.
190. Defenderemos que as comunidades autónomas deben dispor da competencia para determinar, dentro de marxes razoables, os tipos da retención sobre o 50% do IRPF. Isto permitiría que as decisións de cada facenda foran trasladadas á cidadanía con rapidez.

191. O novo modelo de financiamento debe contemplar o establecemento dun cálculo das entregas a conta a cada comunidade que contemple o exercicio da súa capacidade normativa, para evitar que as decisións fiscais produzan efectos con dous anos de atraso.
192. Pacto para unha Lei de creación do fondo cultural galego estatutario que mediante orzamento público e mecenado privado, que promova o acceso igualitario ó cultura e invista en educación artística, apoie ós creadoras e creadores e fortaleza os sectores Culturais e Creativos como parte dunha visión de progreso social, e económico.
193. Fomento duns medios, plurais e independentes que prioricen contido cultural, acompañando a CRTVG na tarefa, garantindo e fiscalizando a plena independencia e a liberdade de expresión dos medios e dos seus profesionais, a calidade dos seus empregos, loitando contra a desinformación, e os contidos de odio e a fomentando unha maior presenza de contidos culturais nos mesmos
194. Lei de Memoria Democrática de Galicia. Impulsaremos unha norma galega para recuperar a memoria histórica e democrática
195. Incrementaremos substancialmente o gasto en cultura cada anualidade da próxima lexislatura para responder aos recortes que lle aplicaron os gobernos de Feijóo. A tal fin, de xeito gradual, aumentaremos en cada exercicio o gasto en cultura en termos reais para dotar o mundo da cultura do apoio que precisa e recuperar o tempo perdido.
196. Elaboraremos un Plan de fomento da cultura, orientado a crear os medios e instrumentos para favorecer o investimento das familias galegas en bens culturais, con atención singularizada á mocidade e á poboación con menos recursos e garantir que a cultura ten chegada e penetración, tanto no eido urbano como no eido rural. Elaboraremos un Plan plurianual de fomento da creación, impulso da produción, difusión e distribución de bens e servizos culturais. Reorientaremos o labor da Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), para convertela na ferramenta necesaria para o impulso da figura dos creadores e creadoras en xeral, pero tamén con especial referencia aos novos creadores e creadoras con axudas concretas de apoio á creación, pero tamén de visibilización desa obra, para o cal é preciso unha boa coordinación coa nosa maior canle de difusión: a TVG. Así mesmo, formularemos a posibilidade de establecer mecanismos de apoio plurianual a festivais e eventos culturais consolidados (como Culturgal, por exemplo) para garantir a súa continuidade e estabilidade.
197. Fomentaremos a creatividade como motor económico para incrementar nun 20% os postos de traballo no sector cultural nos vindeiros anos.
198. Bases de Acción Exterior. Apostamos por unha estratexia de "Acción galega na UE" baseada na presenza constante e activa do goberno galego en todas as decisións estratéxicas para o país.
199. Presencia do Presidente da Xunta nas institucións con visitas periódicas con prioridades definidas segundo a estratexia "Acción galega na UE".
200. Traballo coordinado con TODOS/AS os eurodeputados galegos de todas as forzas políticas, sen mirar o grupo, para influir nos asuntos prioritarios para Galicia: Pesca, transición ecolóxica, industria, agro..
201. Acción de posicionamento dos intereses galegos coa Comisión e co Consello da UE en coordinación co Goberno de España.
202. Poñerse a disposición das empresas galegas nas institucións da UE para que poidan afrontar labores de influencia . Moitas pemes non teñen capacidade pero as veces sí asuntos que lles preocupan pero non saben cómo actuar. A oficina da Xunta en Bruxelas ten que servir para algo.

203. Crearemos un “consello de galeguidade nas institucións europeas” para que os/as numerosos/as galegos e galegas que traballan na Comisión, Consello e Parlamento coñezan as políticas que necesitan apoio para o país, propoñan políticas favorables para o desenvolvemento de Galicia dentro da UE .